

Que vos parece se repasamos o **relevo e os planisferios**? Cando o teñades, enviar a quintogamdara@gmail.com.

Seguro que o facedes xenial!

A buscar e investigar dando unha voltaña polo mundo. Atopades algunha información interesante sobre algún destes sitios? Tamén poderdes compartila.

Os que tedes ordenador ou tablet, rétovos a escribir as respostas das actividades que vos propoña dalgunha materia en word, logo "captura de pantalla" ou mesmo foto e enviar. ADIANTE! ÁNIMO!

Nome: Data:

11. MAIO

1. Estudo dun planisferio

Os planisferios ou mapamundis representan o globo terrestre nunha superficie plana.

Coa axuda dun atlas, localiza os seguintes elementos de relevo. Escribe os números no lugar que lles corresponde no mapa.

*Podes buscar en Internet
Nun Globo Terrestre.
Nun Atlas.
Cunha cor para que se vexa ben.
Ou escribindo na libreta: 1. O Mar Arábigo está en...*

1. Mar Arábigo	6. Montes Zagros	11. Río Darling	16. Deserto de Arabia
2. Mar de Tasmania	7. Río Amazonas	12. Lago Vitoria	17. Elbrus
3. Mar Caspio	8. Río Obi	13. Gran Lago do Oso	18. McKinley
4. Montes Urais	9. Río Mississippi	14. Deserto de Gobi	19. Mont Blanc
5. Himalaia	10. Río Zambeze	15. Sáhara	20. Kilimanxaro

ATRÉVESTES AGORA A FACER ALGO PARECIDO CO RELEVO DE ESPAÑA? Elixe ti montañas, serras, golfos cabos, ríos...ou picos máis altos, máis próximos a ti, que sexan lugares que coñezas ou teñas visitado ou visto na televisión... TRÁTASE DE QUE LLE PROPOÑAS AOS TEUS COMPAÑEIROS UNHA ACTIVIDADE COMO A QUE TEN A ESTRELA. A próxima semana podería eu poñela da vosa parte aos vossos compañeiros e compañeiras...A VER QUEN SE ATREVE!!! Así igual poderíamos iniciar unha cadea de retos entre vós...

Para consultar, aprender, repasar... <https://www.mundoprimary.com/juegos-educativos/juegos-mapas-espana/relieve>